

GLOSARIO INGLÉS-GALEGO DE CONCEPTOS PICTÓRICOS

MOVEMENTOS, ESTILOS, ESCOLAS, TÉCNICAS E XÉNEROS

Autora: Ana Rozados Gómez.

Director: Alberto Álvarez Lugrís.

Abril do 2001

Para a miña avoa. Tan lonxe; tan cerca.

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar ó meu irmán José Ángel, por toda a axuda prestada.

Ós meus pais, polo apoio incondicional.

Ó meu irmán Manolo, polas axudas “técnicas” e á miña cuñada Susana, por axudarme co alemán.

A Isa, por tantas cousas que non tería espacio suficiente para escribilas aquí; e a Pablo, por case outro tanto do mesmo.

A Bea, por tantos anos de amizade e por tantas cousas que pasamos xuntas.

A Mónica, polo ano en Londres e por todo o que veu despois.

A Paula, a Óscar, a Jose, a Juan e a Ana, polo apoio, polos ánimos e por todo o tempo xuntos.

Ó persoal do Museo de Pontevedra en xeral e en especial a Paula Tilve, por toda a información que me facilitou e polos consellos que me deu, e a José Luis Ageitos. Tamén quero agradecer especialmente a colaboración do responsable do “Gabinete Didáctico”, Xosé Manuel Castaño, así coma do persoal da biblioteca e de “Catalogación de Fondos Xerais”.

A Alberto Álvarez Lugrís, por dirixir este proxecto.

ÍNDICE

1. Introducción
2. Árbore conceptual
3. Metodoloxía
 - 3.1. Definición e delimitación do campo de traballo
 - 3.2. Documentación
 - 3.2.1.1. A documentación en inglés
 - 3.2.1.2. A documentación en galego
 - 3.3. Elaboración da terminoloxía
4. Comentario
 - 4.1. Aspectos ortográficos e morfolóxicos de carácter xeral
 - 4.2. Comentario de termos
5. Conclusión
6. Normas de utilización
 - 6.1. Estructura e presentación das entradas
 - 6.2. Símbolos e indicacións de uso
7. Glosario inglés-galego
8. Índice de termos galego-inglés
9. Bibliografía

1. INTRODUCCIÓN

“Arte é todo iso ó que os homes chaman arte”

Este non é, como algúns poderían crer, un simple compás de entrada, senón tal vez a única definición aceptable e verificable do concepto de arte.

Esta definición, se cadra a máis válida, e tamén sobre a base de importantes teorías da lóxica contemporánea, nin sequera é tautolóxica. Antes ca nada, posúe unha saudable validez negativa: a de impedi-la busca dunha definición “real” da esencia ou de calquera ser oculto, como fixeron durante séculos tódalas poéticas sostendo que a arte é intuición, forma, idea ou pregaría, que é isto ou aquilo, sempre, por parte dalgunhas posturas, coa ilusión verdadeiramente quixotesca de teren afinado elas, e non as outras, a universalidade mesma da arte, de toda arte e para sempre, coa lanza afiada do seu propio sistema conceptual.

[FORMAGGIO. 1976: 11 - 12].

A arte é un concepto complexo e de difícil definición. Probablemente nin sequera exista unha definición universalmente válida e aceptada. Quizais sexa a “capacidade humana para crear beleza” (Xerais), ou tal vez unha “actividade do home que ten como fin a creación dunha obra estética” (RAG-ILG) ou se cadra unha “obra ou actividade humana a través da cal o home pode expresa-lo inmaterial, crear beleza e suscitar emocións” (Cumio). En calquera caso, esta diversidade que atopamos nos dicionarios galegos serve para xustifica-las palabras de Dino Formaggio cando afirma que “a arte é todo iso ó que os homes chaman arte” e serve, ó mesmo tempo, para poñer de manifesto a dificultade, ou case imposibilidade, de definir de xeito universalmente válido un concepto tan complexo como é o concepto de arte. Isto mesmo tamén podería facerse extensivo a moitos outros conceptos, coma algúns dos que se presentan neste glosario, que precisamente trata de arte ou máis en concreto dunha das súas manifestacións, unha que persoalmente me resulta fascinante: a pintura.

En Galicia, a pintura comeza a cobrar importancia a partir da metade do século XIX. Como indica Fernando Vilanova no seu libro *A pintura galega (1850-1950)*, este rexurdir da pintura en Galicia foi posible sobre todo gracias ó labor dun grupo que se deu en chamar *Xeración Doente*, dentro do cal se atopan os artistas do espírito de *l’art pour l’art*, “independentes e con código profesional de dedicación, recuperadores do protagonismo pictórico, esquecido en Galicia probablemente dende o período románico”. Sen embargo, nos últimos anos “a pintura galega contemporánea véñse

apoiando nun importante número de tarefas de investigación que pretenden situala no lugar que lle corresponde”, ata tal punto que actualmente se pode dicir que “desborda mesmo o marco do noso país para ser considerada entre o significativo sucedido en España, sobre todo no que atinxe ó presente século”. Disto pódense extraer dúas consecuencias que ademais teñen unha considerable repercusión no léxico pictórico galego. A primeira delas é que, debido á escasa atención que se lle prestou á pintura en Galicia durante tanto tempo (dende o románico ata a metade do século XIX), existen en galego carencias léxicas importantes no que se refire ós termos que se terían que incorporar ó vocabulario pictórico nesa época. A segunda ten que ver co rexurdir da pintura galega e coa súa conseguinte incorporación ós movementos vangardistas que se deron en Europa e América no século XX. A enorme proliferación destes movementos e ismos, sobre todo a partir de 1945 e especialmente nos Estados Unidos, propiciou a entrada de numerosos termos procedentes doutras linguas, maioritariamente do inglés, pero tamén, aínda que en menor medida, do alemán, do francés e do italiano, que se van incorporando, con máis ou menos éxito, ó léxico da nosa lingua. Como consecuencia disto rexístrase unha grande abundancia de estranxeirismos, sobre todo de anglicismos, no léxico pictórico galego, así coma unha considerable vacilación no tocante á adaptación ou traducción destes termos.

Tanto os baleiros léxicos coma a enorme abundancia de estranxeirismos e vacilacións, que este traballo pretende eliminar ou cando menos reducir de xeito considerable, xustifican amplamente a necesidade dun glosario de conceptos pictóricos. En calquera caso, a elaboración dun glosario sempre é gratificante xa que permite mergullarse directamente no proceso de creación neolóxica dunha lingua ó mesmo tempo que contribúe á súa normalización. Por outra banda, ó se tratar dun glosario bilingüe, constitúe sen dúbida unha ferramenta de traballo útil para os tradutores, pero que neste caso non se limita simplemente a fornecer equivalencias terminolóxicas entre o inglés e o galego, senón que tamén pode ser utilizado como glosario monolingüe, xa que ofrece terminoloxía e definicións en inglés e, máis exhaustivamente, en galego, polo que non só pretende ser un interesante proxecto de investigación senón tamén unha ferramenta de traballo útil para os tradutores en particular e en xeral para todas aquelas persoas que se interesen polo léxico pictórico ou que precisen del dentro da súa área de traballo.

2. ÁRBORE CONCEPTUAL

1. Linguaxe xeral
2. Léxico da arte
 - 2.1. Léxico das belas artes
 - 2.1.1. Léxico pictórico
 - 2.1.1.1. Estilos pictóricos
 - 2.1.1.2. Movementos pictóricos
 - 2.1.1.3. Escolas pictóricas
 - 2.1.1.4. Técnicas pictóricas
 - 2.1.1.5. Xéneros pictóricos

Nesta árbore conceptual o léxico pictórico queda dividido en cinco apartados: estilos, movementos, escolas, técnicas e xéneros. Sen embargo, para unha correcta interpretación da árbore conceptual, cómpre ter en conta o que neste glosario se entende por estilos, movementos e escolas.

Estilos pictóricos

Neste glosario enténdese por “estilo” o “conxunto de características orixinais e persistentes nun artista, época, escola ou zona xeográfica, que permiten identificar as obras como feitas por eles ou neles” (Fatás e Borrás). Son exemplos deste apartado o estilo barroco, o neoclásico, o renacentista, etc.

Movementos pictóricos

Seguindo o criterio dos especialistas en historia da arte, o termo “movemento” adóitase empregar especialmente para facer referencia ás tendencias artísticas que se dan a partir do século XIX e sobre todo no século XX. Polo tanto, tendo en conta isto, só aparecen clasificadas no glosario como movementos as correntes máis recentes como poden ser o movemento fauvista ou fauvismo, o impresionismo, o dadaísmo, etc.

Escolas pictóricas

Dentro deste apartado inclúense as escolas propiamente ditas, coma a escola de Fontainebleau ou a escola danubiana, e tamén os grupos ou asociacións de

artistas que, sen teren a denominación de escola, reciben un nome moi concreto como poden ser “der Blaue Reiter (O cabaleiro azul)” ou “die Brücke (A ponte)”.

No glosario, as referencias á árbore conceptual aparecen entre parénteses ó carón de cada unha das entradas. As abreviaturas empregadas son as seguintes:

Para a parte inglesa

mov: movement

sty: style

sch: school

tech: technique

gen: genre

Para a parte galega

mov: movement

est: estilo

esc: escola

téc: técnica

xén: xénero

3. METODOLOXÍA

A elaboración dun traballo terminolóxico rigoroso e exhaustivo comeza por unha boa documentación sobre o tema e por un bo equipo de especialistas. Como ben indica Teresa Cabré no seu libro *La terminología. La teoría, els métodos, les aplicacions*, obra que serviu de base para a realización deste proxecto, os especialistas deben participar na actividade terminolóxica, xa que sen eles “é case imposible elaborar un traballo sistemático propiamente terminolóxico cun mínimo de rigor. A terminoloxía como actividade comeza por un bo coñecemento do tema de traballo”. Neste caso foi de grande axuda a colaboración do persoal do Museo de Pontevedra, por facilitar non só bibliografía senón tamén información útil e necesaria para a elaboración do glosario.

3.1. DEFINICIÓN E DELIMITACIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

Escollido xa o equipo de especialistas, o seguinte paso foi o da definición e delimitación do campo de traballo. En principio a idea era elaborar un glosario de termos de arte en xeral, pero a arte conta con moitas e moi diversas formas de manifestación, como poden ser a música, a poesía, a escultura, a arquitectura ou a pintura. Sen dúbida sería interesante poder abranguer todos estes campos pero, para facelo de xeito rigoroso e exhaustivo, resultaría imposible nun traballo destas características, así que había que decantarse por un eido en concreto dentro da arte, e o elixido foi a pintura. Dentro deste campo, aínda moi extenso, houbo que facer unha segunda delimitación e restrinxi-lo glosario a movementos, estilos, escolas, técnicas e xéneros pictóricos. Dentro das técnicas tamén se inclúen as do gravado xa que, aínda tratándose dun tipo de arte que presenta características diferentes ás da pintura, tamén é certo que existen moitas similitudes entre elas: no gravado trabállase coa imaxe e ás veces tamén se pinta; tanto na pintura coma no gravado ten unha grande importancia a plasmación da imaxe. Ademais, cómpre salientar tamén que foron moitos os pintores que traballaron o gravado. Por outra banda, a maioría dos termos pertence ó período de tempo que vai dende o románico ata a época actual e trata de incluír, cando menos, todos aqueles conceptos que se consideraron fundamentais, polo que non se recollen termos referidos a zonas xeográficas moi concretas e de escasa transcendencia internacional.

Ó tratarse a pintura dun subgrupo dentro do campo da arte, moitos dos termos que se rexistran no glosario non son exclusivamente pictóricos senón que fan referencia, por exemplo, a movementos ou estilos artísticos de carácter máis xeral, que se manifestaron tamén noutras artes como poden ser a escultura, a arquitectura ou mesmo a literatura. É o caso de termos coma “dadaísmo” ou “futurismo”, que non son só movementos pictóricos senón tamén literarios e artísticos en xeral. Sen embargo, xunta este tipo de termos, moitos outros si son específicos do eido da pintura, sobre todo no que se refire ás técnicas, como é o caso de “claroscuro” ou “técnica do goteo”.

3.2. A DOCUMENTACIÓN

Segundo indica Teresa Cabré no seu libro *La terminología. La teoría, les méthodes, les aplicaciones*, “parece evidente que un traballo práctico de terminoloxía dentro dun determinado campo de especialidade só pode levarse a cabo se o terminógrafo que o realiza posúe un dominio suficiente dos contidos da materia en cuestión”. Disto dedúcese que é fundamental contar cunha boa documentación especializada sobre o tema en cuestión. Este proceso de documentación levouse a cabo tendo en conta as dúas linguas coas que se traballa: o inglés e o galego.

3.2.1. A documentación en inglés

A adquisición da información para a parte inglesa do glosario levouse a cabo maioritariamente a través de Internet, para o que se consultaron diversos glosarios de termos pictóricos que se citan na bibliografía. Ó tratarse dunha fonte destas características, algúns termos e definicións contiñan erros que, coa axuda dos especialistas, se trataron de resolver. Por exemplo, na definición inglesa do termo “*Impressionism*” dátase este movemento en torno ó 1970, cando en realidade se manifestou un século antes, é dicir, ó redor do 1870. Tamén existía un erro na data do “romanticismo”, que en inglés se sitúa no principio do século XX no canto de data-lo no comezo do século XIX. Todos estes e outros erros aparecen xa corrixidos no presente glosario. Por outra banda, algunhas das definicións que en principio se ofrecían resultaron ser escasas, de tal xeito que houbo que amplialas ou cambialas, recorrendo a outras fontes en inglés. Para isto, foi de grande axuda *The Dictionary of Art*, unha completa enciclopedia de arte, en 34 volumes, na que se buscaron definicións máis detalladas e precisas de termos coma “Bauhaus” ou “der Blaue Reiter”. Para outros termos coma “fantastic realism”, por exemplo, consultouse outro importante diccionario

de arte, como é o *Oxford Dictionary of 20th Century Art*, de Ian Chilvers, e tamén o *Oxford Dictionary of Art*, de Chilvers, Osborne e Farr.

3.2.2. A documentación en galego

Dada a escaseza de dicionarios ou obras sobre arte publicadas en galego, a documentación nesta lingua resultou bastante complicada, polo que novamente teño que agradecer-la axuda dos especialistas por me facilitaren a información e bibliografía que precisaba. Foi de grande utilidade a enciclopedia de pintores galegos de Carlos del Pulgar Sabín, onde se atoparon moitos termos dentro dun contexto pictórico. Tamén resultou ser de grande axuda o libro de Fernando Vilanova *A pintura galega (1850-1950)* e o libro de *Historia da Arte de COU* de García Iglesias. Sen embargo, coa excepción das obras citadas, o resto da bibliografía especializada resultou ser en castelán. O problema é que os mellores dicionarios existentes en lingua castelá son traducións de orixinais en inglés e non supoñen ás veces unha fonte moi fiable dende o punto de vista lingüístico, xa que moitas palabras aparecen mesmo en inglés, sen traducir, cando en realidade si existe un equivalente en castelán. Destas obras, as máis empregadas foron o *Diccionario de pintura* de Breuille, o *Diccionario del arte actual* de Thomas e o *Diccionario de arte* de Chilvers, Osborne e Farr. Tamén foi de enorme utilidade o *Diccionario de términos de arte y elementos de arqueología, heráldica y numismática*, de Fatás e Borrás, que está escrito orixinariamente en castelán e que ademais é un dos mellores dicionarios sobre arte publicados en España.

3.3. A ELABORACIÓN DA TERMINOLOXÍA

A lingua de partida escollida para o glosario é o inglés, pensando máis na traducción directa ca na inversa, polo que os termos en galego procúranse tratar cun gran rigor e exhaustividade. Sen embargo, como é lóxico, ó tratarse dun glosario bilingüe, con termos e definicións en inglés, tamén é válido e útil para a traducción inversa.

Dado que se tomou o inglés como lingua de partida, elaborouse primeiro a terminoloxía nesta lingua. Para isto foi preciso crear un corpus de baleirado e extraer del os segmentos que se consideraron propios do campo de especialidade, sempre coa axuda dos especialistas, xa que, como explica Teresa Cabré, “un especialista na materia de traballo recoñecerá con máis facilidade ca un autor inexperto no tema os segmentos terminolóxicos que representan conceptos da súa disciplina”.

Unha vez elaborada a terminoloxía en inglés buscáronse as equivalencias en galego dos termos ingleses. Tendo en conta a escaseza de documentación en galego, para buscar estas equivalencias houbo que recorrer con frecuencia a dicionarios e glosarios de arte en castelán. Posteriormente, tomando como referencia os termos casteláns equivalentes ós ingleses, consultáronse dicionarios monolingües de galego, coma o *Diccionario Xerais da Lingua*, o *Gran Diccionario Xerais* ou o *Diccionario do Cumio*. Na maior parte dos casos os termos casteláns son moi semellantes ós galegos e non houbo dificultade para atopalos nestes dicionarios. Foi o caso de termos coma “románico”, “barroco”, “renacemento”, “surrealismo”, etc., que se recollen coa definición que alí aparece, indicando sempre entre corchetes a fonte de onde foi tirada. Isto faise así agás nos casos en que se considerou necesaria unha modificación ou ampliación da definición para o correcto entendemento do termo, como aconteceu por exemplo co termo “idealismo” que só se define no *Diccionario Xerais* coma un movemento ideolóxico e filosófico, mentres que neste glosario “idealismo” fai referencia a unha “tendencia dos artistas que desexan achegarse todo o posible á representación perfecta dos temas das súas obras”.

Algúns termos, ó seren moito máis específicos, non se rexistran nos dicionarios de galego xerais pero, no mellor dos casos, si aparecen na *Enciclopedia Galega Universal* de Ir Indo, como acontece por exemplo con “Bauhaus”, “der Blaue Reiter (O cabaleiro azul)” ou mesmo “augatinta”.

Tamén se deron casos de termos que, se ben non aparecen en ningún dicionario en galego, si se atoparon en textos pictóricos en galego, coma por exemplo “Art Deco”, “Cercle et Carré” ou “nova obxectividade”. Foi de grande utilidade a enciclopedia de pintores galegos de Carlos del Pulgar que se cita na bibliografía e o libro de *Historia da Arte de COU*, coordinado por García Iglesias e publicado pola Universidade de Santiago de Compostela, onde aparecen algúns dos termos do glosario dentro dun contexto relacionado coa pintura ou coa arte.

Outros termos conflictivos foron aqueles que nin se atopan nos dicionarios en galego nin aparecen tampouco en ningún dos documentos consultados na nosa lingua. Neste caso, partindo da definición dos termos e ás veces coa axuda do termo en castelán, consultouse ós especialistas en historia da arte para saber se xa existía algunha traducción ó galego para ese termo en concreto ou, no caso de non existir ningunha traducción, para ver de atopar unha axeitada e facilmente identificable coa

definición do termo. Moitos termos contaban xa cunha equivalencia en galego, normalmente paralela á castelá, polo que se utilizaron distintas definicións do termo en castelán para crea-la definición galega e tamén se consultou cos especialistas. Foi o caso de termos coma “idealismo”, “neodadaísmo” ou “hiperrealismo”.

Noutros casos non se atopou un equivalente para o termo inglés en ningún dos documentos consultados nin en galego nin en castelán pero foron identificados sen problemas polos historiadores da arte mediante a súa definición en inglés, como acontece con “*critical realism*”, “*neoexpressionism*” ou “*National Socialist Art*”. Ademais, nestes casos, o termo inglés é suficientemente transparente, de tal xeito que non resulta difícil identifica-la súa equivalencia en galego, que non pode ser outra ca “realismo crítico”, “neoexpresionismo” e “arte nacionalsocialista” respectivamente. A definición ofrecida para estes termos adoita se-la traducción da propia definición inglesa.

Pero, sen dúbida, os casos máis problemáticos foron aqueles que nin aparecen nos dicionarios nin foron identificados polos especialistas, polo que houbo que propoñer unha traducción ou unha adaptación. Un exemplo disto son os termos “Bay area figurative” ou “color field painting”.

Estes últimos termos e algúns outros, todos eles sinalados cun signo máis (+) no presente glosario, merecen unha atención detallada e individualizada, polo que se ofrece máis información sobre eles no comentario, onde ademais tamén se expoñen certas dúbidas e dificultades.

4. COMENTARIO

Tendo en conta as moitas carencias e vacilacións existentes no léxico pictórico galego, cómpre facer unha serie de comentarios sobre as dificultades atopadas na elaboración deste glosario e, en concreto, na elaboración dalgúns dos termos que nel figuran. Para iso, farase un comentario de xeito xeral e outro máis específico no que se expoñerán algúns dos casos máis conflictivos.

4.1. Aspectos ortográficos e morfolóxicos de carácter xeral

De xeito moi amplo pódese dicir que, xunto coa escaseza de fontes sobre pintura en lingua galega, un dos principais problemas que se presentaron foi o feito de que moitos críticos de arte, tanto en inglés coma en galego ou castelán, nin sequera se poñen de acordo sobre o termo elixido para designar un mesmo concepto. Deste xeito, moitos dos movementos e ismos que xorden no século XX reciben nomes diferentes segundo os distintos críticos, o que dificultou considerablemente o labor terminolóxico. Isto é o que acontece con termos coma “nova obxectividade” e “realismo máxico”, con cadanseu equivalente en inglés, “*new objectivity*” e “*magic realism*”. Aparentemente estas dúas formas non teñen nada en común e parecen designar conceptos diferentes, pero en realidade trátase de termos sinónimos que se refiren a unha mesma idea. Todos estes casos trataron de ser debidamente contrastados en distintos dicionarios e obras especializadas e tamén foron consultados cos especialistas.

Algo semellante acontece con “*Action Painting*”, “pintura xestual” e “pintura de acción” ou tamén con “*assemblage*” e “ensamblaxe”. Contamos con distintas denominacións que aparecen nas obras especializadas para referirse a un mesmo concepto, pero aglunhas delas poderían considerarse incorrectas en galego. Polo tanto, nestes exemplos adoitan recollerse como variantes as distintas formas existentes para designar un mesmo concepto, sempre e cando fosen recoñecidas como tales polos especialistas e só no caso de non seren consideradas como estranxeirismos innecesarios, calcos ou incorreccións na lingua galega. Tendo en conta isto, considerouse “pintura de acción” coma un calco non admisible da expresión inglesa “*Action Painting*”, que si se recolle no glosario, xunto coa expresión “pintura xestual”, xa que son utilizadas ámbalas dúas e mesmo posúen certo matiz diferenciador. No outro exemplo citado, considerouse “*assemblage*” un estranxeirismo superfluo e só se rexistra no glosario a súa tradución ó galego “ensamblaxe”.

Para determina-la corrección ou incorrección destes e outros termos foron de grande utilidade as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* publicadas polo RAG-ILG, o *Diccionario de ortografía da lingua galega* de Benxamín Dosil López e Xesús Riveiro Costa e o *Manual de linguaxe administrativa* de Xermán García Cancela e Carlos Díaz Abreira. Tamén foi de grande utilidade a obra de Benigno Fernández Salgado *Os xentilicios e os topónimos do mundo*, para termos coma “escola danubiana”, “escola de Borgoña”, etc.

O uso das maiúsculas e minúsculas estableceuse seguindo o criterio do *Diccionario de ortografía da lingua galega* de Dosil López e Riveiro Costa, onde se indica, para os termos históricos, que se escriben con iniciais maiúsculas tódolos substantivos e adxectivos dos feitos singulares da historia, como por exemplo Primeira Guerra Mundial, Revolución Francesa e Revolta dos Irmandiños. En cambio, segundo esta obra, son comúns e, polo tanto, ortográfanse con minúsculas, os nomes de períodos históricos, movementos e estilos culturais coma o neolítico, a idade media, o renacemento, o romanticismo, o humanismo e o cubismo.

4.2. Comentario de termos

Co fin de analizar dun xeito máis pormenorizado algunhas das entradas, ofrécese a continuación unha lista de termos, todos eles en galego, ordenados alfabeticamente, xunto cos comentarios que, por diversos motivos, se consideraron necesarios para xustificar e explica-las opcións propostas para algúns dos termos máis conflictivos, aqueles que aparecen sinalados co signo máis (+) no presente glosario.

- ***Action painting***

Recóllese en galego este préstamo do inglés na *Enciclopedia Galega Universal* de Ir Indo e non se atopou ningunha proposta de tradución nos documentos consultados na nosa lingua. Sen embargo, segundo os especialistas, tamén se adoita designar este concepto coa expresión “pintura xestual”, de xeito paralelo ó castelán “pintura gestual”. Tamén se rexistra en castelán a expresión “pintura de acción”, un calco innecesario da expresión inglesa. No glosario acéptanse tanto “pintura xestual” coma o anglicismo “*action painting*” coma equivalentes da expresión inglesa “*action painting*”, que fai referencia a unha forma do expresionismo abstracto practicada pola escola de Nova York. Sen embargo, cómpre sinalar que se emprega “*action painting*”

para se referir á pintura xestual practicada nos Estados Unidos e, en concreto, para designa-lo estilo pictórico de Pollock, mentres que “pintura xestual” se usa como sinónimo desta pero normalmente dun xeito máis amplo e xeral.

- **Alla prima**

A expresión “*alla prima*” fai referencia a unha técnica pictórica na que só se aplica unha capa de cor directamente e sen retoques. Aínda que non se rexistra esta locución italiana en ningún dos dicionarios e documentos consultados en lingua galega, si se recollen, na *Enciclopedia Galega Universal* de Ir Indo, as expresións “*alla breve*”, “*alla ottava*” e “*alla turca*”, locucións italianas do eido da música que manteñen unha clara similitude formal coa locución “*alla prima*”. Xa que logo, tendo en conta que se admiten estas tres expresións como estranxeirismos e dado que “*alla prima*” tamén constitúe un estranxeirismo no inglés, podemos manter esta locución na súa lingua de orixe, en italiano, do mesmo xeito que se fai con outros termos pictóricos tanto en inglés coma en galego.

- **All-over**

Tampouco se recolle esta expresión, nin outra semellante, en ningún dos documentos consultados en galego. Sen embargo, trátase dunha técnica pictórica sobradamente coñecida, xa que é unha das técnicas que emprega habitualmente Jackson Pollock nos seus cadros e que consiste en cubrir o lenzo (ou outra base) cun fondo cromático. Resulta difícil atopar unha tradución axeitada para o termo inglés “*all-over painting*” e, por outra banda, entre os especialistas coñécese esta técnica como “all-over”, polo que non parece apropiado traducila. Adóitase falar de “pintura *all-over*” ou, máis frecuentemente, de “técnica *all-over*”.

- **Arte de ambiente**

Adóitase empregar-lo anglicismo “*environment art*” ou “*environment*” para facer referencia a este movemento no que o o artista basea as características dos obxectos no seu desenvolvemento no espacio, creando co “ambiente” unha estrutura espacial configurada artisticamente. Trátase dun estranxeirismo innecesario, que se pode traducir por “arte de ambiente” ou “ambiente” como aparece no glosario.

- **Arte matérica**

Para a expresión inglesa “*material art*”, que se refire a un movemento que se caracteriza polo emprego de materiais pouco habituais para a creación dunha obra de arte, as posibilidades de tradución que se atoparon foron “arte obxectual” e “arte

matérica”. Aínda que ningunha delas se rexistra en galego, ámbalas dúas foron identificadas polo equipo de especialistas.

- **Arte nacionalsocialista**

Non se rexistra “arte nacionalsocialista” en ningún dos documentos consultados, pero si se recolle, no *Gran Diccionario Xerais*, o adxectivo “nacionalsocialista”, que fai referencia ó substantivo “nacionalsocialismo”, definido coma o “conxunto de doutrinas do partido de Ádolf Hítler, que gobernou Alemaña entre o 1933 e o 1945. Os principios teóricos que o alicerzaban foron a comunidade nacional, a suposta superioridade da raza aria e o antisemitismo, a apoloxía da guerra e da violencia e o culto á forza”. Polo tanto, a expresión “arte nacionalsocialista”, como equivalente da inglesa “*National Socialist Art*”, é perfectamente válida en galego, xa que fai referencia á arte promovida por Hítler para facer propaganda ideolóxica.

- **Barroco**

Aínda que tanto a definición inglesa coma a galega afirman que “*Baroque*”, ou “barroco” respectivamente, é unha palabra de orixe portuguesa, hai que dicir que os historiadores non se poñen de acordo sobre a orixe do termo, segundo se explica no diccionario de *Conceptos fundamentales del arte* de Faerna e Gómez. Algúns historiadores relaciónano coa denominación que os portugueses daban a certas perlas de forma irregular; outros coa expresión siloxística *Baroco*, e outros remiten a súa orixe ó termo florentino *barochio* (engano), pero o certo é que non empeza a aplicarse ó eido da historia da arte ata ben entrado o século XVIII, e sempre nun sentido despectivo: barroco coma sinónimo de absurdo, estrambótico ou grotesco.

- **Blauen Vier, die (Os catro azuis)**

Esta expresión non foi identificada polos historiadores da arte, pero aparece no *Diccionario del arte actual* de Karin Thomas, onde se explica que “die Blauen Vier” é un termo proposto por Galka Scheier, buscando un paralelismo con “der Blaue Reiter”, para a asociación de Feininger, Jawlensky, Kandinsky e Klee que, segundo un contrato firmado en marzo de 1924, debía servir á difusión no estranxeiro das obras e ideas artísticas dos catro pintores. Ó tratarse esta asociación dun feito moi concreto, o termo “die Blauen Vier” non tivo moita difusión. En calquera caso, o seu equivalente en galego sería “die Blauen Vier” ou “Os catro azuis”, de xeito paralelo ó que acontece tamén con “der Blaue Reiter” ou “O cabaleiro azul”.

- **Cinquecento**

Nos documentos consultados en galego non se rexistra o termo “*cinquecento*” para designa-la arte italiana do século XVI, pero si aparecen, curiosamente, os termos *quattrocento* e *seicento*, que fan referencia ó século XV e XVII respectivamente, así coma os adxectivos *quattrocentista* e *cincocentista* (que deriva do propio “*cinquecento*”), todos eles no libro de *Historia da Arte* de García Iglesias. Por lóxica, se se admiten estas palabras, débese aceptar tamén o italianismo “*cinquecento*”.

- **Cloisonismo**

Trátase dunha técnica pictórica que consiste en poñer en contraste violento zonas de cores puras separándoas con liñas moi marcadas. O nome deriva do esmalte *cloisonné* ou tabicado. O termo cloisonismo non se rexistra nos documentos consultados. Só se rexistra o galicismo *cloisonisme* no diccionario de Fatás e Borrás. En galego atopamos, no *Gran Diccionario Xerais*, o galicismo *cloisonné*, a partir do cal poderíamos crear por sufixación o substantivo “cloisonismo” que, ó mesmo tempo, é unha adaptación do termo francés *cloisonisme*, do mesmo xeito que adaptamos outros termos de orixe francesa como “fauvismo” ou “tachismo”.

- **Frottage**

Neste caso cómpre manter o galicismo “*frottage*” para designar esta técnica que consiste en fregar un lapis sobre un papel colocado nunha superficie irregular. Unha adaptación do tipo **frotaxe* (paralelamente ó que acontece no caso de “colaxe”) non sería válida, xa que o verbo en galego non é “*frotar*” senón “fregar”, así que obteríamos, en todo caso, o substantivo **fregaxe*, que tampouco resulta moi convincente posto que xa existe o substantivo “frega”. Tamén hai que ter en conta que tanto unha adaptación do termo coma unha traducción do tipo “técnica da frega” sería difícil de entender: os dicionarios de arte consultados e os propios historiadores da arte utilizan o termo francés “*frottage*”, polo que se considerou que debía manterse esta forma na súa lingua de orixe.

- **Grattage**

Designa unha técnica pictórica segundo a cal se reparten as cores de xeito arbitrario sobre unha táboa de madeira. Trátase dun caso moi semellante ó anterior: non semella moi viable optar por unha traducción ou adaptación, sobre todo tendo en conta que os especialistas coñecen esta técnica polo seu nome francés. Polo tanto é preferible mante-lo termo na súa lingua orixinal.

▪ **Idealismo**

Esta palabra recóllese nos dicionarios galegos consultados coma unha corrente filosófica e non artística, polo que cómpre amplia-lo seu significado. A definición que se ofrece de “idealismo” neste glosario fai referencia a unha “tendencia dos artistas que desexan achegarse todo o posible á representación perfecta dos temas das súas obras, sempre na procura do arquetipo e da superación das taras ou defectos que todo modelo individual presenta” (Fatás e Borrás).

▪ **Modernismo**

Segundo o *Diccionario de las Artes Decorativas* de Fleming e Honour, “*Art Nouveau*” é o nome francés co que se coñece o modernismo nos países de fala inglesa. Sen embargo, tamén se rexistran en inglés os sinónimos *Modern Style* e *Modernism*. Este movemento maniféstase de xeito case simultáneo en varios países e, en cada un deles, recibe un nome distinto e presenta características diferentes. En Alemaña coñécese co nome de *Jugendstil*, en Francia *Art Nouveau* (termo que se empregaría tamén nos países de fala inglesa), en Italia *Stile Floreale*, mentres que *modernismo* se emprega en Portugal e en España. En galego rexístrase, na enciclopedia de Ir Indo, *Art Nouveau* como sinónimo de “modernismo”, polo que se recollen no glosario estas dúas formas.

▪ **Neodadaísmo**

Non se rexistra “neodadaísmo” en ningún dos textos e dicionarios consultados en lingua galega, pero é practicamente a única traducción posible para o termo inglés “*neodadaism*” e é ademais o nome que lle dan os historiadores da arte a este movemento, que constitúe unha tendencia máis recente do movemento dadaísta.

▪ **Neoexpresionismo**

Tampouco aparece este termo nos dicionarios e documentos consultados en galego pero tamén neste caso os especialistas recoñecen o uso do termo “neoexpresionismo”, que é o que se ofrece no glosario como equivalente do inglés “*neoexpressionism*”. Ademais, igual ca no caso anterior, trátase dun termo totalmente transparente do que se pode deducir sen dificultade que fai referencia ás tendencias que botan man dun estilo pictórico baseado no expresionismo.

- **Neorrealismo**

Segundo o *Diccionario del arte actual*, de Karin Thomas, e tamén segundo o *Diccionario de pintura* de Breuille, este movemento realista tradúcese en castelán por “Nuevo Realismo” (tomado do francés “*Nouveau Réalisme*”). Sen embargo, non semella unha opción axeitada traducilo en galego, de xeito paralelo ó castelán, por Novo Realismo, xa que esta expresión resulta pouco natural na nosa lingua pola colocación do adxectivo anteposto ó substantivo. En galego existe unha proposta que, ó meu entender, é máis aceptable: a que achega o *Diccionario Xerais* (1994), coa inclusión do prefixo grego “*neo-*” anteposto ó substantivo “realismo”, o que permite a creación dunha nova palabra en galego: “neorrealismo”, de xeito paralelo ó que ocorre con outras palabras coma “neoclasicismo” ou “neodadaísmo”.

- **Pintura de campos cromáticos**

“*Color field painting*” (ou a súa tradución “pintura de campos cromáticos”) non se rexistra nos documentos consultados en galego. Designa unha técnica da pintura expresionista abstracta na que os cadros poden compoñerse unicamente duns poucos rectángulos de espazo que se sitúan sobre un fondo de cor. En castelán si aparece esta técnica nalgúns documentos. En *Movimientos artísticos desde 1945* de Edward Lucie-Smith fálase de “*colour painting*”, e noutros textos recóllese “*color field painting*” directamente en inglés. Tamén aparece nalgúns documentos traducido como “pintura de campos de color”. Considerouse que a mellor opción para “*color field painting*” era “pintura de campos cromáticos”, e así se recolle no glosario.

- **Pintura figurativa da Baía de San Francisco**

Non se rexistra esta expresión en ningún dos documentos consultados e tampouco foi identificada polo equipo de especialistas. Despois de consultar con eles, chegouse á conclusión de que a tradución máis clara para “*Bay area figurative*” é a que aquí propoñemos: “pintura figurativa da Baía de San Francisco”, xa que se trata dun movemento figurativista que xurdiu precisamente na Baía de San Francisco como reacción contra o expresionismo abstracto.

- **Pop-art**

“Pop-art” é o nome dun estilo artístico que se basea na repetición e manipulación dos obxectos máis representativos da sociedade de consumo. No *Diccionario do Cumio* rexístrase este termo con xénero masculino. Sen embargo, tendo en conta que o substantivo principal é “*art*”, ou sexa, “arte”, e sendo esta unha

palabra de xénero feminino en galego, considero que “pop-art” debe ser tamén unha palabra de xénero feminino.

- **Realismo crítico**

Malia non atopar esta expresión en ningún dos documentos consultados, trátase dunha tendencia artística abondo coñecida polos historiadores da arte, que ten por obxectivo facer unha denuncia das condicións sociais. Polo tanto, para a expresión inglesa “*Critical realism*” a proposta galega é “realismo crítico” ou ben “realismo social”, expresión que se usa como sinónimo da anterior.

- **Técnica do goteo**

O termo inglés “*dripping*” é coñecido e usado polos historiadores da arte e mesmo se rexistra nalgún dos dicionarios consultados. Sen embargo tamén é frecuente que nos textos sobre arte apareza a súa tradución, que pode ser “goteo”, “chorreo”, “derrame”, “técnica do goteo”... De todas elas, a máis empregada polos historiadores da arte quizais sexa esta última, de aí que sexa a que aparece no glosario, xunto co anglicismo “*dripping*”, empregado tamén habitualmente, polo que se recolle como sinónimo.

- **Tenebrismo**

No *Diccionario de pintura* de Breuille rexístrase en castelán o termo “tenebrismo” nunha entrada que nos remite a “caravaggismo”. En galego, sen embargo, esta tendencia pictórica aparece designada co nome de “caravaggesco” nun dos documentos consultados. Tanto “caravaggismo” coma “estilo caravaggesco” semellan opcións válidas e ámbalas dúas son usadas polos historiadores da arte. Por outra banda, o termo “tenebrismo” aparece como sinónimo destas verbas nos dicionarios consultados en castelán, pero no de Fatás e Borrás indícase que o termo “tenebrismo” tamén pode referirse a unha “técnica que usa moito o claroscuro”, é dicir, que “tenebrismo” aparece con dúas acepcións posibles: unha como sinónimo de “caravaggismo” e outra moito máis limitada que só fai referencia ó uso do claroscuro. En galego, a definición que ofrece o *Diccionario Xerais* está máis próxima a esta última, polo que, aínda tratándose dunha definición válida, cómpre ampliála, como se fixo no glosario, se se quere usar como sinónimo do “estilo caravaggesco”, que non só se caracteriza polo emprego do claroscuro senón tamén polo seu marcado realismo.

5. CONCLUSIÓN

A partir da metade do século XIX a pintura comeza a cobrar importancia en Galicia, pero será sobre todo xa nos últimos anos do século XX cando aparezan os primeiros proxectos e tarefas de investigación relacionados coa pintura. A enciclopedia de pintores galegos de Carlos del Pulgar Sabín ou o ensaio de Fernando Vilanova sobre a pintura galega dende 1850 ata 1950 son dous dos exemplos máis destacados. Tamén aparecen por esa época glosarios de termos artísticos que, se ben non son exclusivamente pictóricos, inclúen conceptos relacionados coa pintura. O *Vocabulario castelán-galego de historia, arte e xeografía* de Gutiérrez Izquierdo e o *Vocabulario galego das artes plásticas* de Iglesias González, ámbolos dous publicados no 1994, constitúen un bo testemuño do interese que empeza a nacer nestes últimos anos polo léxico da arte. O vocabulario de Gutiérrez Izquierdo está publicado dentro dunha colección de “cadernos para o ensino”, o que pon de manifesto que esta obra xorde da necesidade de establecer unha terminoloxía para o léxico da historia, a arte e xeografía para logo aplicala á didáctica. Sen embargo, estas obras supoñen tan só un primeiro achegamento á terminoloxía artística e pictórica, pero aínda queda moito camiño por andar.

Á parte das obras mencionadas anteriormente, cómpre sinalar que son aínda moi escasas as publicacións en galego sobre arte. É significativo que entre as obras consultadas só se atopase un libro de texto de historia da arte de COU publicado en galego. Quizais isto se deba á inexistencia de glosarios de terminoloxía especializada para tomar como referencia á hora de crear unha obra deste tipo. Pero, para elaborar un glosario de terminoloxía especializada, tamén é conveniente que existan previamente obras sobre pintura ou arte publicadas en galego, xa que iso facilitaría o labor terminolóxico. Polo tanto, estamos ante un problema que non semella ter unha solución fácil: sen obras especializadas é difícil elaborar un glosario especializado e, por outra banda, tampouco resulta doado redactar textos sobre un campo de especialidade se non existen dicionarios especializados nese eido. De feito, o libro de historia da arte de COU de García Iglesias presenta considerables vacilacións no que ó léxico especializado se refire. En calquera caso, dado que nos últimos anos aumentou en Galicia o interese pola pintura e pola arte en xeral, sería necesario contar en galego con dicionarios monolingües especializados. En inglés existen xa importantes dicionarios monolingües sobre arte coma o *Oxford Dictionary of Art*, de Chilvers, Osborne e Farr, e tamén completos dicionarios enciclopédicos como por

exemplo *The Dictionary of Art*. En francés podemos salientar tamén a publicación dun diccionario específico de pintura, o *Dictionnaire de la peinture* de Laclotte e Cuzin. Sen embargo, en galego, aínda non contamos con ningunha obra desta magnitude.

Polo que se refire ós dicionarios bilingües especializados, só atopamos o *Vocabulario castelán-galego de historia, arte e xeografía* de Gutiérrez Izquierdo. Outras disciplinas, como poden se-la economía ou o dereito, contan xa con dicionarios especializados bilingües ou mesmo multilingües. Sen embargo, non se atopou ningún dicionario bilingüe, nin sequera inglés-español ou inglés-portugués, especializado en terminoloxía pictórica.

Tendo en conta todas estas cuestións, o glosario inglés-galego de conceptos pictóricos que aquí se presenta pretende, dalgún xeito, abrir camiño para futuras investigacións bilingües no eido da pintura e, ó mesmo tempo, constituír unha pequenísima contribución de cara á elaboración dun diccionario monolingüe sobre pintura máis completo, xa que ofrece tamén terminoloxía e definicións en galego.

En definitiva, a elaboración dun glosario bilingüe especializado constitúe un proxecto de investigación interesante, porque permite participar no proceso de creación neolóxica dunha lingua e investigar sobre o seu léxico; necesario, porque a elaboración da terminoloxía contribúe a elimina-lo baleiro léxico e as vacilacións existentes, un labor fundamental para o proceso de normalización da nosa lingua; e práctico, porque permite facilita-la comunicación entre especialistas de distintas linguas (neste caso o inglés e o galego) e porque constitúe, sen dúbida, unha ferramenta de traballo útil para o desenvolvemento da actividade de traducción.

6. NORMAS DE UTILIZACIÓN

6.1. ESTRUCTURA E PRESENTACIÓN DAS ENTRADAS

A estrutura e presentación das entradas no glosario é a seguinte:

ENG: termo en inglés: [referencia á árbore conceptual] definición do termo en inglés [fonte da que foi extraída a definición do termo].

VAR: variante do termo en inglés.

SIN: sinónimo do termo en inglés.

CON: contexto en que aparece o termo en inglés, no caso de consideralo necesario.

OBS: observacións pertinentes sobre o termo en inglés.

GAL: termo en galego: [referencia á árbore conceptual] definición do termo en galego [fonte da que foi extraída a definición do termo].

VAR: variante do termo en galego.

SIN: sinónimo do termo en galego.

CON: contexto do termo en galego, no caso de consideralo necesario.

OBS: observacións pertinentes sobre o termo en galego.

Ademais, para facilita-la lectura das entradas de xeito individualizado, cada unidade terminolóxica aparece separada das outras mediante unha liña.

Exemplo:

ENG: Art Nouveau: “New art” had its roots in the English arts and crafts movement founded in 1861 by William Morris. Its highly-decorative style contained strong elements of fantasy and is characterised by curving lines as seen in the illustrative paintings of Aubrey Beardsley.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

SIN: Modern Style, Modernism.

GAL: modernismo (+): movement artístico de finais do século XIX, moi esteticista, froito dunha reacción ó prosaísmo, eclecticismo e **realismo** anteriores; en arquitectura emprega deseños atrevidos e materiais novos, coma o cemento armado;

destaca a súa influencia en artes industriais e decorativas, onde emprega temas florais e fauna acuática. [Xerais 1994].

SIN: Art Nouveau.

6.2. SÍMBOLOS E INDICACIÓNS DE USO

Para un correcto uso do glosario tamén cómpre ter en conta os seguintes símbolos e indicacións:

- Os estranxeirismos preséntanse en *cursiva*.
- Coa **negriña** sinálanse as referencias cruzadas.
- O signo máis (+), que aparece despois dalgunhas entradas, úsase para indicar que existe máis información sobre esa palabra no comentario de termos.
 - Despois de cada entrada, aparece entre corchetes unha referencia á árbore conceptual, tendo en conta os seguintes símbolos:

Para a parte inglesa:

mov: movement

sty: style

tech: technique

gen: genre

Para a parte galega:

mov: movement

est: estilo

téc: técnica

xén: xénero

- Para as referencias bibliográficas hai que remitirse ó apelido do autor da obra que se cita ou se menciona. No caso de obras de varios autores, como acontece por exemplo cos dicionarios, adóitase empregar-lo nome da editorial (Xerais, Cumio, Ir Indo). Para o dicionario da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega emprégase a abreviatura RAG-ILG.

7. GLOSARIO INGLÉS-GALEGO DE CONCEPTOS PICTÓRICOS. MOVEMENTOS, ESTILOS, ESCOLAS, TÉCNICAS E XÉNEROS.

A

ENG: abstract art: [mov] A term which is usually synonymous with 20th century **avant-garde art**, abstract art can be defined as images which have been abstracted or derived from nature but have been altered or simplified to their geometric forms. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: arte abstracta: [mov] movement artístico contemporáneo (en escultura, pintura, deseño, etc.) que non pretende representar nada da realidade natural obxectiva, senón unha harmonía ou contraste de liñas, formas, cores, etc. [Xerais 1994].

ENG: abstract expressionism: [mov] This 20th century art movement has its roots in the revolutionary, non-figurative works of Wassily Kandinsky but is most often associated with American painter Jackson Pollock and his peers. The movement emphasizes form and color within a non-representational framework and concentrated on the spontaneous act of painting. It was coined by American art critic Robert Coates to describe the style of Gorky, Pollock and de Kooning but by 1951 it had become a generic term to describe all types of non-geometric **abstraction**. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: expresionismo abstracto: [mov] corrente artística que expresa a reacción contra a arte abstracta xeométrica; caracterízase por dar prioridade ó estado emocional do artista, á súa intuición, fronte á razón. [Gran Diccionario Xerais].

ENG: abstraction: [mov] Pictorial manifestation that omits sensory information and the usual notions of the forms of nature. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: abstracción: [mov] acción e resultado de abstraer ou abstraerse, modo de concentra-lo pensamento, mediante o cal separamos algo de algo. Abstracción lírica: Na pintura abstracta contemporánea, aquela que se basea no xesto motor e no ritmo descontinuo, a maraña lineal, semellante ó que xorde nos primeiros debuxos infantís. Abstracción xeométrica: Aquela pintura abstracta conformada pola combinación de figuras xeométricas, primando nela o factor racional. [Xerais 1994].

ENG: accumulation: [tech] The accumulation of equal objects, from clocks to cars, shut up in glass cases or trapped within masses of concrete or other material, leaving part of the object or objects visible so that they may be recognised. When the objects have been accumulated, one becomes aware of the surface of the work of art by its increased presence. Arman (Agustín Fernández) states “Accumulation is the expression quantity, a sign of the times.” [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: acumulación: [téc] termo que designa unha forma de configuración da **arte obxectual**, consistente no amoreamento de obxectos usados, do mesmo ou diverso tipo, ou no seu agrupamento no interior de receptáculos de plástico. Este método da **arte máterica** é utilizado principalmente polos plasticistas do **neorrealismo** como Arman, Tinguely, Spoerri, César e Chamberlain, e confírelles novas propiedades estéticas ós obxectos usados, desperdicios da sociedade de consumo. [Definición baseada en Thomas].

ENG: Action Painting: [tech] A form of painting in which the colour is spilled or dripped onto the canvas (often extended onto the floor) without any previous compositional sketch. The structure of the painting arises from an intuitive artistic process and from the different “forms of behaviour” of colour. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: action painting (+): [téc] forma do **expresionismo abstracto** practicada despois de 1945 pola escola de Nova York. Proponse para exteriorizar o inconsciente do artista a partir dunha pintura xestual que expresaba o dinamismo da vida primaria. Jackson Pollock foi o seu principal representante. [Enciclopedia Ir Indo].

SIN: pintura xestual.

OBS: Adóitase empregar “*action painting*” para referirse á pintura xestual practicada nos Estados Unidos, e máis concretamente, para referirse ó estilo pictórico de Pollock. A expresión “pintura xestual” úsase como sinónimo desta pero normalmente dun xeito máis xeral.

ENG: alla prima: [tech] Technique commonly used in painting since the 19th century whereby an artist completes a painting in one session without having provided layers of underpainting. [<http://www.artvault.com/1055/1057/1216/9754.asp>].

GAL: *alla prima* (+): [téc] termo italiano que designa unha técnica pictórica moi rápida, feita cunha soa aplicación de cor e sen retoques. Cada cor aplícase máis ou menos directamente, como debe quedar na pintura definitiva [Definición baseada en Fatás e Borrás].

ENG: all-over painting: [tech] A form of painting in which the canvas (or other base) is covered lightly with a chromatic structure. This term mainly defines the **Action Painting** of J. Pollock. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: *all-over* (+): [téc] técnica pictórica na que o lenzo (ou outra base) se cobre lixeiramente cun fondo cromático. Este termo define principalmente a ***action painting*** de J. Pollock. [Traducción da definición inglesa].

ENG: aquatint: [tech] A technique derived from “**etching**” which produces effects similar to those of **watercolour**. The first process is the granulation of the sheet of copper. In general, minute spots of bitumen or resin are used, which stick to the metal once heated. Another method involves fixing the resin with alcohol which, on evaporation, makes the grains stick to the copper sheet. Granulation makes it possible to obtain a porous background. Once the granulation process is finished, the image may be etched onto the metal. The mordant action is detained by means of varnish brushstrokes (like that which is used in **etching**). [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: *augatinta*: [téc] variante da técnica de gravar á ***augaforte***. A prancha cóbrese cunha capa de resina que se pega mediante calor. Así fórmanse uns grans inalterables pola acción do ácido. Hai que preservar con ***verniz*** as partes que quedan brancas e a parte posterior da prancha para evitar a acción do ácido, así como aquelas partes que xa foron suficientemente atacadas. Desa maneira obtense unha gama variada de grises e negros. [Enciclopedia Ir Indo].

ENG: Art Deco: [mov] Descriptive term applied to a style of decorative arts that was widely disseminated in Europe and the USA during the 1920s and 1930s. Derived

from the style made popular by the Exposition Internationale des Arts Décoratifs et Industriels Modernes held in Paris in 1925, the term has been used only since the late 1960s, when there was a revival of interest in the decorative arts of the early 20th century. Since then “Art Deco” has been applied to a wide variety of works produced during the inter-war years, but it should be applied only to French works and those from countries directly influenced by France. [Turner, Jane. *The Dictionary of Art*].

GAL: Art Deco: [mov] movement ligado ó ámbito das artes decorativas que xurdiu a mediados dos anos vinte. Na Exposición Internacional das Artes Modernas Decorativas e Industriais, celebrada en París en 1925, a pintura só interveu como “decorado”. Os artistas elixidos polos organizadores dos diversos pavillóns eran bastante representativos do que axiña se chamaría “art déco” (abreviatura de *arts décoratifs*), en lembranza desta exposición. [Definición baseada en Breuille].

CON: “E ¿que coñeceron no París dese mesmo período que cobre os anos vinte e trinta anteriores á Guerra Civil? Á parte do **surrealismo**, que dominaba como movemento artístico internacional, e do esplendor efémero doutras opcións, como a **Art Deco**, que rememora na súa exposición de 1925 as glorias do deseño modernista, afondaron no coñecemento das vangardas que se foron sucedendo despois do **impresionismo** e, sobre todo, nas que gardaban máis afinidade cos realismos europeos do “retorno á orde” que se produce despois da Primeira Guerra Mundial e ata ben entrados os anos trinta”. [Artistas galegos: pintores].

ENG: art informel: see **informalism movement**.

ENG: Art Nouveau: [mov] “New art” had its roots in the English arts and crafts movement founded in 1861 by William Morris. Its highly-decorative style contained strong elements of fantasy and is characterised by curving lines as seen in the illustrative paintings of Aubrey Beardsley.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

SIN: Modern Style, Modernism.

GAL: modernismo (+): [mov] movemento artístico de finais do século XIX, moi esteticista, froito dunha reacción ó prosaísmo, eclecticismo e **realismo** anteriores; en arquitectura emprega deseños atrevidos e materiais novos, coma o cemento armado; destaca a súa influencia en artes industriais e decorativas, onde emprega temas florais e fauna acuática. [Xerais 1994].

SIN: Art Nouveau.

ENG: Arte Povera (or Art povera): [mov] (“poor” or “impoverished” art) “A movement born of the student’s social protest and of spontaneous happenings. Poor Art expresses an approach to art which is basically anti-commercial, precarious and anti-formal. It concentrates on the physical qualities of the method and the mutability of the materials. Its importance lies in the artist’s commitment to the actual materials and the total reality.” (Germano Celani, 1969) Poor Art: “that which is carried out using leftover products or pre-industrial products. But perfect or new materials are never used.” (Francisco Brugnoli). [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: arte pobre: [mov] tendencia da arte contemporánea, desenvolveita a finais dos anos 60 en Italia, caracterizada polo uso de materiais cotiáns –cordas, cemento, papeis de xornais, etc.– en contraste coa nobreza dos materiais tradicionais na escultura coma o mármore ou o bronce. [Gran Diccionario Xerais].

VAR: *arte povera*.

OBS: Esta expresión úsase tanto en galego coma en italiano, pero débesele dar preferencia á forma galega.

ENG: Ashcan School: [sch] This small group of New York realist artists including George Luks, William Glackens, John Sloan and Everett Shinn, was formed in 1908. They used their past experience as newspaper illustrators to capture the more sordid side of urban life. A critic, displeased with the group’s subject matter, suggested that their work belonged in an ashcan – hence the name. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

VAR: Ash Can School.

GAL: Ash Can School (Escola do colector do lixo): [esc] movemento pictórico do comezo do s. XX, principiado en Nova York, que buscaba os elementos de inspiración nos ambientes populares. A denominación veulles dada porque nalgúns cadros aparecían cubos do lixo. Formalmente eran realistas ou expresionistas, algúns deles estudaron ou viviron en Europa. O acto máis importante levado a termo foi a exposición de 1908 na Machbeth Gallery de Nova York, coñecida co nome de exposición dos **oito (The Eight)** e que foi un motivo de escándalo nos ambientes conservadores da National Academy. Os oito pintores eran: William Glackens, Robert Henri, Ernest Lawson, George Lucks, Everett Shinn e John Sloan, realistas, e Arthur B. Davis e Maurice Prendergast, expresionistas. [Enciclopedia Ir Indo].

ENG: assemblage: [tech] Means the accumulation of objects. Name given to a picture which concentrates on relief and whose composition incorporates utensils which are taken from everyday life. The first assemblages arose in the second decade of the 20th century. Montage, combination of painting and “**collages**” in which the elements which are placed on the base are so enormous that they take up a space in the environment on almost the scale as sculptures. This is why it is also called environment collage; fragments of life, fragments of the environment. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: ensamblaxe: [téc] concepto para expresar, dentro da **arte matérica**, unha determinada configuración obxectual que se formou a base de cadros de **colaxe** adaptados ó principio de montaxe espacial. A “ensamblaxe”, como termo xenérico, designa o extenso conxunto de cadros matéricos, plástico-ambientais, que introducen obxectos na súa estrutura proporcionando un efecto plástico de relevo. [Definición baseada en Thomas].

OBS: “Ensamblaxe” é un termo coñecido e usado polos historiadores da arte, polo tanto débese dar preferencia á forma galega e rexeita-lo galicismo “*assemblage*”.

ENG: automatism: [tech] Drawing and painting method associated with **Surrealism** in which the artist does not consciously create but doodles, allowing the subconscious mind and virtually uncontrolled movement of the hand to produce an image. [<http://www.artvault.com/1055/1057/1216/9754.asp>].

GAL: automatismo: [téc] técnica de pintura –e tamén de escultura– que consiste en deixarse levar polos movementos da man sen intervención da vontade. André Breton denomina dictado máxico ó somnambulismo pictórico desta “escritura automática”, que el define do seguinte xeito: “dictado mental sen ningún control por parte da razón, máis aló de toda reflexión estética ou moral” (primeiro manifesto do **surrealismo**, 1924). O automatismo rítmico dos debuxos de Masson, que se traduce en explosivo tropel de liñas, supuxo o fundamento técnico-metodolóxico do posterior **expresionismo abstracto** que, na **action painting**, alcanza o nivel máis alto de pintura rítmico-automática coa **técnica do goteo**. [Definición baseada en Thomas e no Gran Diccionario Xerais].

ENG: avant-garde movement: [mov] Term given to a group of artists of artistic movements which are before their name, with a renewed intention for advance and exploration. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: vangardismo: [mov] nome xenérico do conxunto de correntes estéticas que se adiantan nos gustos ós do común das xentes da época. [Xerais 1994].

B

ENG: Barbizon School: [sch] Between 1830-1870, this group of painters from the area around Barbizon, France, abandoned their studios to paint outdoors, becoming the precursors of Impressionists. Their paintings of rural scenes were characterized by their informality and naturalness. Among its members were the group's informal leader, Théodore Rousseau, and members Jean François Millet, Jules Dupré and Charles-François Daubigny.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: Barbizon, escola de: [esc] grupo de paisaxistas que traballaron na localidade de Barbizon e no bosque de Fontainebleau a partir de 1845, baixo a guía de Théodore Rousseau (1812-1867). Formaron este grupo Charles Daubigny (1817-1878), Narcisse-Virgile Díaz de la Peña (1807-1876), Jules Dupré (1811-1889), François Millet (1814-1875) e Constant Troyon (1810-1865). Opostos ó clasicismo da academia de Belas Artes, inspirábanse na pintura holandesa do século XVII e nos paisaxistas ingleses como Constable ou Bonington. Defendían a pintura directa do natural pero a diferenza dos impresionistas só facían ó aire libre os bocexos e os apuntes, as obras eran rematadas no estudio. Prepararon a chegada do **impresionismo**. [Enciclopedia Ir Indo].

ENG: Baroque: [sty] word of Portuguese origin that means “irregular”. This term is now used to define a period of European art that occurred between approximately 1600 and 1750, beginning in Rome and expanding through the whole of Europe. Its form of expression was very varied and depended on the acknowledgment of each country. Its characteristics were curved lines, **chiaroscuro** effects and marked illusionism. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: barroco (+): [est] (port. *barroca* = pérola defectuosa, irregular). Estilo artístico e literario nacido en Italia e desenvolvido en toda Europa occidental e Iberoamérica desde principios do s. XVII a mediados do s. XVIII. Segundo o crítico H. Wölfflin, caracterízase polo seguinte: busca do movemento, tanto real coma suxerido; apertura de espazos; importancia da luz e dos efectos lumínicos; gusto polo teatral, polo escenográfico e fastoso; tendencia a non respecta-los confíns das disciplinas (mesturando arquitectura, escultura e pintura), etc. En escultura e pintura, figuras en

movemento con roupas axitadas en actitude teatral, naturalismo, contrastes lumínicos, etc. [Definición baseada en Xerais 1994].

ENG: Bauhaus: [sch] German school of art, design and architecture, founded by Walter Gropius. It was active in Weimar from 1919 to 1925, in Dessau from 1925 to 1932 and in Berlin from 1932 to 1933, when it was closed down by the Nazi authorities. The Bauhaus's name referred to the medieval Bauhütten or mason's lodges. The school re-established workshop training, as opposed to impractical academic studio education. Its contribution to the development of functionalism in architecture was widely influential. It exemplified the contemporary desire to form unified academies incorporating art colleges, colleges of arts and crafts and schools of architecture, thus promoting a closer cooperation between the practice of "fine" and "applied" art in architecture. [Turner, Jane. *The Dictionary of Art*].

GAL: Bauhaus (Casa da construción): [esc] escola de deseño, arquitectura e industria fundada por Walter Gropius en 1919. Baseada nos principios de William Morris e no movemento Arts & Crafts de devolver a dignidade á artesanía, afirma que a arte tiña que dar resposta ás necesidades da sociedade e que non era necesario facer a distinción entre belas artes e artesanía. Intentaron combinar a arquitectura e as artes aplicadas coas técnicas máis modernas. Entre os obxectivos da Bauhaus destaca a renovación da arquitectura, do deseño e do mobiliario urbano. [Enciclopedia Ir Indo].

CON: "Na convicción de que os elementos domésticos e o mobiliario deben ser relacionados racionalmente uns con outros, a **Bauhaus** está procurando, –mediante a investigación sistemática, práctica e teórica nos campos técnico, económico e formal– o modo de obte-lo deseño dun obxecto a partir das súas funcións e condicionamentos naturais". [García Iglesias, X. M.].

ENG: Bay Area Figurative: [mov] A movement, 1940s-1960s, which originated in the San Francisco Bay as a reaction to the **Abstract Expressionism** movement in New York. The artists in this movement went back to nature and painted more figurative imagery – although the images were still very abstract and expressionist in style. Painters included Richard Dieberkorn and David Park. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: pintura figurativa da Baía de San Francisco (+): [mov] movemento que se desenvolveu entre os anos corenta e sesenta do século XX e que xurdiu na Baía de

San Francisco como reacción fronte ó **expresionismo abstracto** de Nova York. Os artistas que formaron parte deste movemento volveron a interesarse pola natureza para pintar imaxes máis figurativas pero cun estilo aínda marcadamente abstracto e expresionista. Entre os pintores que formaron parte deste movemento atópanse Richard Dieberkorn e David Park. [Traducción da definición inglesa].

ENG: binding: see **pasting**.

ENG: Blaue Reiter: [mov] German group of artists active in Munich from 1911 to 1914. The principal members were Vasily Kandinsky, Franz Marc, Gabriele Münter, Alfred Kubin, Paul Klee and August Macke. The group's aim was to express the inner desires of the different artists in a variety of forms, rather than to strive for a unified style or theme. It was the successor of the Neue Künstlervereinigung München (NKVM), founded in Munich in 1909. [Turner, Jane. *The Dictionary of Art*].

GAL: Blaue Reiter, Der (O cabaleiro azul): [mov] grupo de artistas expresionistas establecidos en Múnic que se separaron, en decembro de 1911, da Neue Künstlervereinigung. Estaba formado por Vasili Kandinskij, Franz Marc, Alfred Kubin e Gabriele Münter. Posteriormente, sumóuselles Paul Klee e August Macke. Marc exerceu como director, pero foi Kandinskij quen lle imprimiu un espírito especial coa súa concepción nova da arte, expresada en *Über das Geistige in der Kunst* (Sobre a espiritualidade na arte, 1912) e *Rückblicke* (Ollada ó pasado, 1913). A principios de 1912, Marc e Kandinskij publicaron o almanaque *Der Blaue Reiter*, na súa cuberta aparecía o cadro de Kandinskij que dera nome ó grupo. Promoveron unha arte innovadora que fuxía dos convencionalismos e que abría as posibilidades para o **informalismo**. Triunfou nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial. Esta dispersou o grupo e motivou a desaparición dalgúns dos seus compoñentes, ó mesmo tempo que clarificou a liña iniciada por Kandinskij e Klee. Este movemento foi o resultado dunha serie de especulacións na filosofía da arte. Abriu a posibilidade dunha ulterior evolución como a representación simple e pura de estados estritamente psíquicos (**informalismo**), sen necesidade de recorrer ós signos convencionais da cultura. O grupo realizou dúas exposicións itinerantes por varias cidades alemanas nas que colaboraron artistas internacionais como Braque, Derain, Goncharova, Larinov e Picasso. [Enciclopedia Ir Indo].

VAR: O cabaleiro azul.

OBS: Coñécese tanto co nome orixinal en alemán coma co nome traducido.

ENG: Blauen Vier: [mov] German for “the blue four,” it was an alliance formed in 1924 by four painters – Paul Klee (1878-1940), Wassily Kandinsky (1866-1944), Lyonel Feininger (1871-1956), and Alexei von Jawlensky (1864-1941). They exhibited as a group in Germany, Mexico, and the United States.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

VAR: Blue Four.

GAL: Blauen Vier, Die (Os catro azuis) (+): [mov] nome creado por Galka Scheier, buscando un paralelismo co **Blaue Reiter**, para a asociación, propugnada por ela, de Feininger, Jawlensky, Kandinsky e Klee, que, segundo contrato firmado o 31 de marzo de 1924, debía servir á difusión no estranxeiro das obras e as ideas artísticas dos catro pintores. En maio de 1924 marchou Scheier a Estados Unidos levando consigo as obras que lle foran entregadas. A primeira exposición tivo lugar en San Francisco. No outono de 1926 Galka Scheier iniciou en Oakland unha xira de exposicións e de conferencias. [Definición baseada en Thomas].

VAR: Os catro azuis.

ENG: Brücke, die (The Bridge): [mov] Centered in Dresden, 1905-1913. It is a group of Expressionist artists, founded by Ernst Ludwig Kirchner, Karl Schmidt-Rottluff and Erich Heckel. The group's work is characterized by its intensely emotional and violent imagery. Other artists associated with the movement included Emil Nolde, Max Pechstein, Otto Mueller and Edvard Munch. The group was disbanded due to artistic disagreements and the onset of World War I.

[<http://www.artcyclopedia.com/history/diebrucke.html>].

GAL: Brücke, Die (A ponte): [mov] nome do grupo fundado en Dresde en 1905 por Kirchner, Heckel, Schmidt-Rottluff e Bleyl, alumnos da Escola Técnica Superior de Dresde. Schmidt-Rottluff foi o inventor do termo Die Brücke, que expresaba a vontade de reunir tódalas tendencias non académicas de Alemaña. Historicamente, Die Brücke inaugurou a pintura moderna en Alemaña e, sobre todo, o **expresionismo**. A súa obra quería ser unha ponte cara á arte do futuro. [Definición baseada en Breuille e en Fatás e Borrás].

VAR: A ponte.

ENG: Burgundy, School of: [sch] The Flemish court artists under Philip the Bold of Burgundy (c. 1390-1420). The school practiced Flemish **realism** and included van Eyck brothers among its noted members.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: Borgoña, escola de: [esc] escola formada polos artistas da corte baixo o reinado de Filipe o Atrevido de Borgoña (c. 1390-1420). Esta escola desenvolveu o realismo flamengo e, entre os seus membros máis destacados, atópanse os irmáns van Eyck. [Traducción da definición inglesa].

ENG: Byzantine: [sty] A style of the Byzantine Empire and its provinces, c. 330-1450. Appearing mostly in religious mosaics, manuscript illuminations, and **panel paintings**, it is characterised by rigid, monumental, stylised forms with gold backgrounds.

[<http://www.cftech.com/BrainBank/OTHERREFERENCE/THEARTS/ArtMvmtsandPeriods.html>]

GAL: arte bizantina: [est] arte desenvolvida no Imperio Bizantino entre os séculos IV e XV, aínda que a súa influencia se manifesta no mundo balcánico e eslavo ata o século XVIII. Na súa concepción recibiu a influencia das artes romana, grega e oriental. O factor relixioso, moi presente en todas as manifestacións culturais, dirixe tamén a arte. O artista non tivo unha importancia como tal, foi un funcionario máis ó servicio de Deus e do Imperio. Traballaba con prototipos iconográficos cos que se pretendía acadar a perfección, necesaria para alcanzar a salvación. Nos templos, as pinturas e mosaicos ocupan sobre todo a cúpula, onde se representa a Cristo Todopoderoso e as ábsidas coa representación da Virxe como Theotokos (nai de Deus) ou Hodigitria (co neno). Xunto cos mosaicos empregouse a **pintura ó fresco**. As iconas foron outra das achegas bizantinas, centradas en calquera representación de Cristo, da Virxe, dos santos ou calquera tema sagrado. Os bizantinos cultivaron tamén a arte da miniatura sobre todo na ilustración de libros sagrados e ilustraban tamén textos científicos como libros de Medicina ou Historia Natural. (...). [Enciclopedia Ir Indo].

C

ENG: Caravaggisti: [sty] Term applied to the artists who adopted the technique of **chiaroscuro**, the peculiar illumination and realist treatment of the classic themes of Caravaggio. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: tenebrismo (+): [est] tendencia artística que utiliza grandes contrastes acusados de luz e sombra, destacando as partes iluminadas e deixando o resto na escuridade. Os temas tenebristas adoitan referirse a tipos humildes, representados en actitudes pouco convencionais, para reaccionar contra o intelectualismo manierista. Foi especialmente difundido por Caravaggio, que lle deu outro nome que empregan algúns tratadistas: caravaggismo. [Definición baseada en Xerais 1994 e en Fatás e Borrás].

SIN: estilo caravaggesco, caravaggismo.

ENG: carolingian art: [sty] French and German art from the end of the 8th to the early 10th century. Charlemagne formed the first Holy Roman Empire and revived scholarly pursuits both at his court and in the monasteries. Among the most notable works of this period were the illuminated manuscripts produced by the religious artisans. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: arte carolinxia: [est] a da época do imperio de Carlos Magno e dos seus sucesores (desde fins do s. VIII ó ano 900, especialmente nos países de etnia xermánica). [Xerais 1994].

ENG: Cercle et Carré: [mov] Movement founded in Paris in 1929 during a meeting between the writer Michel Seuphor (born 1901) and the Uruguayan painter Joaquín Torres García, which became public in 1930. Though having no official manifesto, it is best characterized as broadly Constructivist in outlook. It comprised mainly abstract artists from **Constructivism**, **Futurism**, **Dada** and **Bauhaus**, whose common motivation was to create an artistic opposition to the dominant Surrealists. [Turner, Jane. *Dictionary of Art*].

GAL: *Cercle et Carré*: [mov] movement artístico parisiense fundado polo crítico Michel Seuphor e o pintor uruguaio Torres García en xaneiro do 1929. A súa finalidade era reagrupar a escala internacional a pintores, escultores e arquitectos de espírito constructivista para oporse ó **surrealismo**. [Definición baseada en Breuille].

CON: “O movemento artístico de máis forza na Europa dos anos vinte e trinta foi o surrealismo co privilexio teórico do seu líder André Breton –pon en circulación un segundo manifesto en 1929–, aínda que xa foran importantes as experiencias precedentes dos **constructivismos** soviéticos e holandés e o da **Bauhaus** alemana (1919-1939) coa presenza indiscutible de artistas como Klee, Kandinsky, Albers ou Moholy Nagy; o realismo da **Nova Obxectividade**, tamén alemana –a partir de 1922–, que ha incidir, a través de Grosz, nalgúns artistas galegos do momento pola súa actitude crítica e comprometida coa situación político-social ou propostas que se consolidan ó fío deses anos (entre 1930 e 1931), como ***Cercle et Carré***, ***Abstraction-Création*** ou ***Art Concret***. [Artistas galegos: pintores].

ENG: chiaroscuro: [tech] An artistic technique created in the 16th century in order to name the consequent relief in the relationship between light and shade. In the same way, colour passes to second place in favour of the contrast of light. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: claroscuro: [téc] arte de dispoñer nunha pintura o contraste de luces e sombras; aplícase concretamente ó modo de destaca-las figuras iluminadas sobre un fondo escuro. [Xerais 1994].

ENG: cinquecento: [est] Refers to Italian art of the 16th century including High **Renaissance** and **Mannerism** movements. [<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: *cinquecento* (+) [est] italianismo que designa o s. XVI. Só debe empregarse para aludir á arte italiana ou ós seus derivados máis inmediatos. [Definición baseada en Fatás e Borrás].

ENG: classicism: [sty] A form of art derived from the study of Greek and Roman styles and characterised by its use of harmony, balance, and serenity. The **Renaissance** is the most important of this style's movements as illustrated by the works of the Masters of the High **Renaissance** such as da Vinci, Raphael, Michelangelo, and Titian. The term “**neoclassicism**” is also used in referring to revivals

of classicism during the late 17th and early 18th centuries – especially in England and France, and the late 18th and 19th centuries.

[<http://www.painting.about.com/hobbies/painting/library/blmovements.htm>].

GAL: clasicismo: [est] corrente estética que identifica a beleza artística coa observación de certas leis e no estudio da natureza e que busca a súa inspiración e os seus modelos na arte antiga. [Definición baseada en Xerais 1994].

ENG: cloisonism: [tech] A pictorial method which involves painting the canvas in zones of separate colour. It resembles the techniques of enamel and glasswork. It was developed by E. Bernard and P. Gauguin at the end of the 19th century. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: cloisonismo (+): [téc] técnica pictórica que consiste en poñer en contraste violento zonas de cores puras separándoas con liñas moi marcadas. Foi moi empregada por Gauguin e polos pintores fauvistas. O seu nome deriva do esmalte *cloisonné* ou tabicado. [Definición baseada en Fatás e Borrás].

ENG: collage: [tech] An artistic representation which incorporates materials such as paper, fragments of fabric and any type of waste materials to create the pictures. The collage, derived from the invention of the "papiers collés" (Picasso, Braque), was carried out by the futurists (typographic and periodic fragments), by Kurt Schwitters (collages "merz"- waste materials), by the informalists and in Pop Art. [<http://www.latin-art.net/english/glosario.htm>].

GAL: colaxe: [téc] técnica artística que consiste en realizar un cadro colando á tea recortes de papel ou cartóns, conxugándoos ou non coa tinta. [Gran Diccionario Xerais].

ENG: color field painting: [tech] A technique in abstract painting developed in the 1950s. It focuses on the lyrical effects of large areas of color, often poured or stained onto the canvas. Newman, Rothko, and Frankenthaler painted in this manner. [<http://www.cftech.com/BrainBank/OTHERREFERENCE/THEARTS/ArtMvmtsandPeriods.html>]

GAL: pintura de campos cromáticos (+): [téc] técnica da pintura expresionista abstracta que prescinde totalmente dos elementos figurativos, de tal xeito que un cadro pode compoñerse, por exemplo, duns poucos rectángulos de

